



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA ORIENTADOR/A-  
PROSPECTOR/A DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA IX: CONSTITUCIÓN E  
VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Expediente: 2024/E001/000021

A Laracha, 15 de novembro de 2024

Reunidos na sala de reunións da Casa do Concello ás 10:35 os membros do tribunal que asisten son os seguintes:

- Presidenta: Lucia Barreiro Angeriz, funcionaria do Concello da Laracha
- Secretario : Jorge Vidal Zapatero, funcionario do Concello da Laracha
- Vogais:
  - Juan Antelo Martínez, funcionario do Concello da Laracha
  - Ana C. Jimenez Mosquera, funcionaria do Concello da Laracha
  - Marta Vazquez Garea, funcionaria do Concello de Coristanco

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores.

Os membros do tribunal declaran ter consultado a lista definitiva de aspirantes e que non concorre ningunha situación de abstención/recusación segundo o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Posteriormente, procédese á valoración dos méritos alegados polos aspirantes para a fase de concurso para o cal se fixan para ser tidos en conta os seguintes criterios xerais, de acordo co previsto nas bases da convocatoria

- Na formación académica valoraranse outras titulacións académicas distintas da exixida como requisito sempre que estean directamente relacionadas ca exixida ou formación específica relacionada con especialización docente, docencia para a formación, formador de formadores, formador ocupacional, xestor de formación, metodoloxía didáctica ou similar.
- Nos cursos de formación complementaria só se valorarán os cursos relacionados coas funcións propias da praza convocada. non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración, así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas organizados por universidades públicas, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- A experiencia profesional deberase acreditar a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e, inescusablemente, a copia do contrato, certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente no caso de servizos prestados para unha administración pública. En ningún caso serán valorados méritos non acreditados documentalmente

Rematada a valoración de méritos, o tribunal fai público o resultado:

NOME	APELIDOS	DNI	FORMACIÓN ACADEMICA (MAX. 3 P)	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MAX. 7P)	EXP. PROFESIONAL (MAX. 10P)	TOTAL
BELÉN	BLANCO TERNADE	***1145**	0,00	1,65	0,20	1,85
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**	0,00	1,10	0,00	1,10
GLORIA	LAREO NEIRA	***0777**	0,00	1,45	0,00	1,45
ALBERTO	RIOS NEIRA	***9274**	0,50	0,40	0,75	1,65

Recórdase aos aspirantes que o exame da fase de oposición é o luns día 18.11.2024 ás 10:00horas na Casa do Concello da Laracha.

Sen mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:23 e asina o secretario do tribunal electronicamente

